



# XOVES

*I+D+i*

Estimado/a amigo/a:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) vén de pór en marcha un **novo servizo de apoio á participación no programa europeo de I+D+i Future Internet Public Private Partnership (FI-PPP)**, un instrumento de apoio financeiro dirixido a PEME e emprendedores que desenvolvan aplicacións e servizos innovadores baseados en tecnoloxías FI-PPP, e que conta cun orzamento de 80 millóns de euros para a súa terceira fase.

Aquelas PEME e emprendedores/as que o desexen poden optar a este servizo de asesoramento enchendo un **formulario online dispoñible na páxina web da Axencia**. Este cuestionario recolle datos básicos sobre a empresa e o proxecto susceptible de presentación ao programa (breve descrición, estado do proxecto, impacto previsible, etc.).

Unha vez recibida esta información, a Axencia comprobará que os proxectos cumpran os requisitos do programa e fará unha selección daqueles 50 con maior potencial de financiamento. Destes proxectos seleccionados, farase unha análise das aceleradoras que máis se adecúan a cada proxecto, xa que as convocatorias de fondos artéllanse a través de 16 aceleradoras seleccionadas na anterior fase da iniciativa e que están especializadas en distintos sectores, e explicaráselle as condicións destas.

Finalmente, valorarase conxuntamente co solicitante a idoneidade da presentación a cada unha das convocatorias posibles, revisarase o proxecto a presentar e/ou daráselle formación para a súa presentación.

Para máis información sobre este servizo, pode consultar a **páxina web de GAIN** e no correo electrónico [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es)

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!